

Administración e xestión de contidos con Wordpress
PFPP 2023-2024

Autor: Eladio Rial

Sumario

Introdución.....2

 Que é Wordpress.....2

 Como funciona Wordpress.....3

Xestión de WordPress.....7

 O escritorio.....7


 Xestión de usuarios e roles.....12

Introdución

Que é Wordpress



Wordpress é un dos CMS (CMS: Content Managment System ou Sistema de Xestión de Contidos) máis utilizados no mundo para crear e manter sitios web. No noso caso a web do instituto www.iescotarelo.es está feita con Wordpress (6.4.2).



Fonte 2023: <https://dokan.co/blog/3254/best-cms-platforms-comparison/>

Que é un CMS?

Un CMS é unha ferramenta específica para crear e manter contidos dun sitio web: artigos, páxinas, comentarios e información multimedia (texto, imaxes, son, gráficos, vídeos). Ademais pódese cambiar a aparencia do sitio e estender a funcionalidade coa instalación de novos complementos (plugins).


Como funciona Wordpress

Orixinalmente o CMS Wordpress naceu no ano 2003 como unha ferramenta que permitía crear páxinas web de maneira sinxela. Acadou moito éxito na creación de blogs. Que é un blog? Resumindo, un blog é un sitio web que inclúe contidos a modo de diario persoal ordeados cronolóxicamente e na que os visitantes poden deixar comentarios.

A palabra blog deriva de *weblog*, un termo creado polo escritor estadounidense Jorn Barguer en 1997 para acortar a frase “*logging the web*” (rexistrar ou anotar na web). Posteriormente, en 1999, o blogueiro Peter Merholz converteu a palabra *weblog* na frase *we blog*, e desde entón, blog úsase como nome e verbo (bloguear).

O éxito de Wordpress tamén está relacionado con que é software libre, gratuíto e con moitas capacidades de ampliación (blog, páxina persoal, sitio web de empresa, tenda de comercio electrónico, etc).

Desde un punto de vista máis técnico, Wordpress é unha aplicación web feita coa linguaxe de programación PHP que xestiona a propia configuración do sitio e os seus contidos. A información de Wordpress almacénase principalmente en dous sitios: unha base de datos e ficheiros.



A base de datos almacena información de maneira estruturada e relacionada, e está xestionada polo propio Wordpress. A base de datos xestiona información dinámica, que pode cambiar co tempo, como os usuarios, os artigos publicados, etc. Os ficheiros tamén están xestionados por Wordpress pero é información estática, que non cambia co tempo, como as imaxes ou os arquivos subidos. As

propiedades destes ficheiros (nome, tamaño, dimensións, data de creación, data de modificación, etc) gárdanse na base de datos.

Desde o punto de vista do usuario, un sitio web feito con Wordpress divídise en dúas partes:

- **Zona pública:** acceso a calquera a través dunha dirección web onde pode ver as páxinas publicadas.

Por exemplo: www.iescotarelo.es

- **Zona privada:** acceso restrinxido a usuarios con clave para xestionar os contidos da páxina web.

Acceso por www.iescotarelo.es/wp-admin

A zona pública da web do centro ten o seguinte aspecto:

The screenshot shows the public website of IES Armando Cotarelo Valledor. The header is blue with the school's name and logo. Below the header is a navigation menu. The main content area is divided into sections: 'As novas do Cotarelo' (center news) and 'Outras novas e actividades do centro' (other news and activities). At the bottom, there are five boxes for 'Biblioteca', 'Viveiro de empresas', 'Erasmus+', 'Erasmus+ KA122', and 'Dinamización Lingüística'. The footer contains contact information and logos for the school and the FSE+ 2021-2027 program.

Cabeceira (Header)

Menú de opcións (Options menu)

Novas do centro (Center news)

Outras novas e actividades (Other news and activities)

Outras seccións (Other sections)

Pé de páxina (Page footer)



XUNTA
DE GALICIA

IES ARMANDO
COTARELO VALLEDOR






Portada
O centro
Oferta educativa
Matrícula
Aula Virtual
Aula Mentor
Departamentos
Familias
Erasmus+
Máis...

As novas do Cotarelo
Ver todas



Aula de Capacitación
Dixital – 3ª quenda
IES Armando Cotarelo Valledor

Aula de Capacitación
Dixital – 3ª quenda
5 Decembro, 2023

Formación gratuíta, non regrada,
de 30 horas de duración, para
persoas maiores de idade.
Entregarase certificado de
asistencia e aproveitamento...
Formulario de inscrición.

Ler máis



Aula de Capacitación
Dixital – 2ª quenda
IES Armando Cotarelo Valledor

Aula de Capacitación
Dixital – 2ª quenda
8 Novembro, 2023

Formación gratuíta, non regrada,
de 30 horas de duración, para
persoas maiores de idade.
Entregarase certificado de
asistencia e aproveitamento...
Formulario de inscrición.

Ler máis



Apertura solicitudes
ERASMUS de longa estadia
2 Novembro, 2023

Remítide as vosas solicitudes ao
endereço
cotareloerasmus@gmail.com
incorporando o voso nome
completo, datos de contacto e
titulación. RECEPCIÓN DE
SOLICITUDES DO 2 AO 30 DE
NOVEMBRO.

Ler máis



Xornada de
emprendemento
30 Outubro, 2023

Como emprender e non morrer no
intento. Poñemos a proba as
habilidades emprendedoras do
noso alumnado o día 2 de
Novembro. Deseñarán modelos de
negocio mentres superan
diferentes retos e...

Ler máis

Zona privada:

<https://www.iescotarelo.es/wp-admin>



Nome de usuario ou dirección de correo electrónico

usuario

Contraseñal

●●●●●●●●●●



☐ Lembrarme

Iniciar sesión

Perdiches o teu contraseñal?

← Ir a IES Armando Cotarelo Valledor


Galego

Cambiar

Xestión de WordPress

Neste apartado ímos ver o que poden facer os usuarios.

O escritorio

O escritorio (dashboard) de Wordpress é o panel de control da zona privada para usuarios autenticados desde onde se pode xestionar o sitio web e os seus contidos.

✓ Actividade

Usa as túas credenciais de usuario para entrar no escritorio (www.iescotarelo.es/wp-admin)

Aspecto do escritorio para un usuario:

The screenshot displays the WordPress dashboard interface. At the top, the user's name 'IES Armando Cotarelo Valledor' and a '+ Novo' button are visible. The dashboard is divided into three main sections:

- Left Sidebar:** Contains navigation links for 'Entradas', 'Multimedia', 'Páxinas', 'Comentarios', 'Modelos', 'Perfil', 'Ferramentas', and 'Contraer o menú'.
- Main Content Area:**
 - Actividade:** A section titled 'Publicado recentemente' showing a list of recent publications with columns for date, time, and title. The titles are: 'Aula de Capacitación Dixital — 3ª quenda', 'Programa Observa_Accion', 'Aula de Capacitación Dixital — 2ª quenda', 'Apertura solicitudes ERASMUS de longa estadía', and 'Xornada de emprendemento'.
 - Coñece Elementor:** A section for Elementor v3.18.3, featuring a '+ Crear páxina nova' button.
 - Editado recentemente:** A section showing a list of recent edits with columns for title, edit icon, and date/time. The titles are: 'Matrícula', 'Proba libre da ESO', and 'As novas do Cotarelo'.
 - Noticias e actualizacións:** A section with news and updates, including a 'NEW' badge and a link to 'Redefining the Web Creation Experience: Elementor Unveils AI for Containers'.
- Right Sidebar:** Contains a 'Opcións do panel' dropdown and an 'Axuda' dropdown.

Aspecto do escritorio para o usuario administrador:

The screenshot shows the WordPress dashboard interface in Galician. The top bar includes the WordPress logo, the site name 'IES Armando Cotarelo Valledor', and the user name 'Ola, Eladio Rial'. The sidebar on the left contains navigation links for 'Inicio', 'Actualizacións', 'Astra', 'Entradas', 'Multimedia', 'Páxinas', 'Comentarios', 'Spectra', 'Elementor', 'Modelos', 'WPForms', 'Aparencia', 'Plugins', 'Usuarios', 'Ferramentas', 'Axustes', 'WP Mail SMTP', 'Cookies', 'File List Pro', 'Unlimited Elements', and 'Contraer o menú'. The main content area is titled 'Escritorio' and features several widgets: a Spectra plugin notification, a 'Estado de saúde do sitio' (Site Health) warning, a 'Nunha ollada' (At a glance) summary, and an 'Actividade' (Activity) log.

Estado de saúde do sitio

O teu sitio ten un problema crítico que debería solucionarse o antes posible para mellorar o seu rendemento e seguridade.

Necesita melloras

Bota unha ollada a 5 elementos na [pantalla de saúde do sitio](#).

Nunha ollada

46 Artigos 80 Páxinas

WordPress 6.4.2 funciona co tema [Astra](#).


Actividade

Publicado recentemente


5 Dec 2023, 8:53 a.m.	Aula de Capacitación Dixital — 3ª quenda
16 Nov 2023, 5:12 p.m.	Programa Observa_Accion
8 Nov 2023, 9:15 a.m.	Aula de Capacitación Dixital — 2ª quenda
2 Nov 2023, 7:46 a.m.	Apertura solicitudes ERASMUS de longa estadia
30 Out 2023, 10:24 p.m.	Xornada de emprendemento

Partes do Escritorio:

- Na parte central: paneis informativos. Son unhas caixas proporcionadas por Wordpress para informar ós usuarios de varios aspectos do sitio de maneira resumida e dunha ollada.




Se pulsas en “Opcións do panel” poderás quitar e poñer elementos na portada do escritorio:




✓ Actividade

Personaliza o teu Escritorio nas “Opcións do panel”. Quita e pon elementos de pantalla e cámbiaos de ubicación.


- Na parte superior esquerda: acceso á parte pública do sitio web e outros accesos directos. Onde pon “Novo” poderás ir directamente a crear entradas, páxinas ou engadir contido multimedia.





- Na parte superior dereita: acceso ó teu perfil de usuario ou pechar a sesión.



- Na parte esquerda: menú de opcións.



- **Entradas:** as entradas (“posts” en inglés) son publicacións que aparecen en orde cronolóxica inversa no sitio web (ás máis recentes primeiro). Son o elemento fundamental dun blog e poden visualizarse de varias formas, como un blog tradicional, como unha lista, un carrusel que se move, etc. No noso caso temos na portada “As novas do Cotarelo” e “Outras novas e actividades do centro” que son entradas.



- **Páxinas:** son publicacións estáticas e non se ven afectadas pola data na que a realizas. Son as partes máis permanentes do sitio web: unha páxina de “Acerca de”, unha páxina de contacto ou a páxina de inicio. Tamén se pode usar unha páxina para amosar un listado de entradas, como un blog. As páxinas amosanse habitualmente no menú do sitio web, na parte superior.

Exemplos de páxinas na web do instituto:

- A portada.
 - O menú son enlaces a páxinas.
 - A páxina de Mentor.
 - As páxinas de “O Centro”.
 - A oferta educativa.
 - As páxinas dos departamentos.
 - As programacións.
- **Multimedia:** aquí podemos xestionar os contidos multimedia que podemos subir ó noso sitio web como as imaxes e documentos.
 - **Perfil:** acceso ó perfil do noso usuario onde podemos cambiar o contrasinal e outras configuracións.

Xestión de usuarios e roles

PRESENTACIÓN/VÍDEO da parte privada, explicando as partes e configurando o perfil.

✓ Actividade

- Entra na parte privada da web do centro.
- Edita o teu perfil de usuario.
- Comproba a conta de correo electrónico.
- Cambia o contrasinal se non o fixeches xa.
- Cambia o esquema de cor no teu perfil e escolle o que máis che guste.
- Pon algo no espazo de “información biográfica”.